

Novela e vida

Tras a tradución ao castelán de *Caderno de Riparia*—que viu a luz en Algar baixo o título de *Atrapados en Riparia*— e mais a publicación dunha novela que, a meu ver, pasou inxustamente desapercibida entre nós como foi *5 de agosto de 1936*, na que se afonda, mercé á volta dun exiliado á súa terra natal, nas dimensións da memoria, da morte e mais do amor e que desexamos ver axiña traducida o galego, retorna Xosé A. Perozo ao primeiro plano da actualidade literaria con esta novela—*Espérame*— que desvela, non podía ser doutra maneira, os magníficos dotes para a narración e para a oralidade que exhibe dun xeito natural, sen que o lector se decate ou, cando menos, sen que os artificios técnicos que emprega se evidencien moi ás claras.

Velaquí como Perozo erixe unha sorte de biografía ficcional mercé á figura de Lola—imposíbel non conxecturar ou imaxinar vinculacións deste personaxe con outro ben coñecido na nosa cidade— quen relata, ben aos asistentes a un espectáculo dun night club do que é propietaria, ben—xa máis intimamente— á memoria dun amigo seu que vén de morrer chamado Paco, os máis dos avatares vitais desde que naceu até aquel momento situado na madurez da protagonista: os máis deles vinculados co exercicio da prostitución, entendida esta—ou así nolo asemella— como única solución que se lle formulou para procurar a salvación dela mesma, para superar a súa orixe humilde e mais o medo a saír fóra da aldea, para superar o medo á vida.

**AUTOR SABE
MANEXAR UN
ESTILO DE
APARENCIAS
SINXELAS**

Ao longo, así pois, de vinte o oito capítulos, Lola revisita a súa vida afondando na dimensión fulcral que ocupa a súa vila natal—Couzadoiro—, cumprindo o papel de locus amoenus sempre evocado: filla dunha relación que tivo a súa nai cun sacerdote, aos quince anos foxe da miseria daquela aldea, á que volverá cando menos en dúas situacións delicadas para ela. Desde aí iníciase un percorrido que pasará por Vigo—onde traballará nunha casa en Bouzas e

Espérame: *sen tabús*

RAMÓN NICOLÁS

axiña se converterá na amante do señor da casa, Raúl, coronel do exército, quen lle porá piso na rúa Colón-, para logo converterse n' A fermosa Lola, cun espectáculo na Casapoga. Despois, tras coñecer un xeneral co que casará, marchará á Coruña, cun cincuenta por cento dos beneficios obtidos nun local no que canta e anima a noite. A súa entrada en negocios inmobiliarios derivados desta última relación, a vinculación con Germán, a visita á

Bela

lloando así a ruína na que caeu o ámbito rural galego nos últimos anos e realizando, por extensión unha radiografía de parte da sociedade franquista e mesmo unha reflexión sobre a malfadada imposibilidade do auténtico amor.

A novela trata con desinhibición e sen tabús o tema da prostitución, algo pouco común nas nosas letras e que vagamente nos lembra—aínda que a de Perozo se-

rozo se-



xa máis coidada estrutural e contextualmente— cun exercicio creativo de Fernando Quiñones semellante. A novela do autor de Llerena non se achega, nin moito menos, ao máis sórdido que ten que ver coa prostitución, senón que dota a esta dunha perspectiva marcada pola humanidade e, en certo sentido, polo mercantilismo.

Un estilo sinxelo, aparentemente sinxelo que evidencia un fondo traballo, foxe á mantenta de dificultades estruturais e converte esta proposta narrativa nun recomendábel exercicio de lectura.

PEROZO, Xosé A., *Espérame*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 300 páxinas

O t e r o —á que sempre quixo emular— conducirána tempos despois a Madrid e, finalmente, a Santiago, pechando ese ciclo que constitúe o percorrido vital dun personaxe dono dunha personalidade vigorosa—“muller que cultiva a experiencia e ama a curiosidade” e “inculta, mais lectora voraz”, dotada duns excepcionais dotes como locuaz narradora que resultan operativos para engadir unha enxurrada de reflexións ao fio sobre o propio sexo, arredor dos siareiros que acoden aos seus locais, das ideas sobre o matrimonio, da política daquel tempo, etc., espe-